

## Circular informativa

Ourense, 2 de novembro de 2020.

Prezadas compañeiras,

Prezados compañeiros,

De novo estamos ante un curso escolar marcado pola situación sanitaria, polo que nos vemos na obriga de continuar cun modelo de exame con maior opcionalidade, do tipo das dúas últimas convocatorias. Aínda así, introducimos algunhas modificacións, co fin de evitar que o alumnado poida prescindir de preparar varias partes completas do temario.

Polo tanto, ofrecemos un modelo de 6 preguntas, cun valor de 2,5 puntos cada unha, entre as que o alumnado debe escoller 4.

Cada unha das preguntas corresponde a un dos bloques nos que se organiza a materia, coa consideración de que foi preciso incluír dúas preguntas do mesmo bloque, para o que escollemos o de literatura, debido á importancia que consideramos que debe ter o coñecemento da literatura e cultura galegas na formación do noso alumnado. As preguntas quedan da seguinte maneira:

- 1. Comprensión do texto.
- 2. Lingua e gramática
- 3. Produción textual.
- 4. Lingua e sociedade.
- 5. Literatura
- 6. Literatura.

Ademais, en cada unha das preguntas teóricas (lingua e sociedade, e literatura), ofrécense dúas opcións de escolla para o alumnado, como é habitual.

Por último, propoñemos un único texto, para ampliar así o tempo dispoñible para a realización do exame, pero cómpre ter en conta que este pode ser tanto literario como xornalístico.

Na páxina web poden consultar un exemplo de exame.

Canto aos criterios de corrección, decidimos manter os que estabamos aplicando ata o de agora, adaptándoos simplemente ao novo modelo.

En calquera caso, queremos anunciar xa a nosa intención de realizar cambios nos tipos de preguntas, especialmente nas de teoría, isto é, as referidas aos bloques de literatura e lingua e sociedade. Traballaremos sobre estes cambios ao longo deste curso, co obxectivo de implantalos no próximo curso 2021-2022. Por conseguinte, darémolos a coñecer antes de que finalice o curso actual, para facilitarlle ao profesorado a preparación da nova tipoloxía de preguntas.

Agardo que todo discorra adecuadamente e facilito, coma sempre, o meu enderezo de correo electrónico para que me fagades chegar calquera dúbida, cuestión ou suxestión:  
[anaiglesias@uvigo.es](mailto:anaiglesias@uvigo.es)

Recibide un cordial saúdo no nome do Grupo de Traballo e no meu propio.

Ana Iglesias Álvarez